Firmado por: ***330*** - JAVIER VÁZQUEZ PRADO (FECHA: 2026-11-02 13:05:44.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2026-11-02 12:16: 08.00)
CVD: HH+q5grf5yQDdVSkb6G
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de outubro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, D.ª MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, reúnense, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.ª MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.ª FLORA RUBINOS ROIS, D.ª SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e a concelleira non adscrita D.ª MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

1. ACTAS ANTERIORES.- Aprobáronse as actas das sesións ordinarias correspondentes aos días 14 e 28 de setembro, así como a da sesión extraordinarias e urxentes do 08 de outubro.

ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL, MAIORES, MIGRACIÓN, MULLER E CONCILIACIÓN

2. SERVIZOS SOCIAIS.- Aprobouse a convocatoria e as bases que regulan as subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para realizar proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior e de sensibilización social dentro do termo municipal de Lugo. Así mesmo, aprobouse o gasto por un importe total de 49.000 €.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

3. SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase aprobar a modificación do contrato do servizo de intermediación financeira e de xestión dun Fondo de Capital Risco Participado, asinado coa mercantil Torsa Capital, Sociedad Gestora de Entidades de inversión Tipo Cerrado, SA.

Tamén se acordou estimar parcialmente o recurso de reposición interposto por MONBÚS UBANOS SAU contra o acordo da Xunta de Goberno Local n.º 1/108 do 18 de marzo de 2026 polo que se prorroga o contrato por un ano, no senso de recoñecer o dereito de compensación despois de acreditar os gatos incorridos ou as perdas soportadas.

Fóra da orde do día adoptáronse os seguintes acordos:

- Acordouse deixar sobre a mesa, para un mellor estudo, o asunto relativo á aprobación das bases xerais reguladoras das subvencións destinadas a financiar parcialmente o alugamento de vivenda habitual, a autorizar o gasto e á apertura da convocatoria pública para o exercicio 2026-.

- Tamén se acordou aprobar a convocatoria para o exercicio 2026 das subvencións dirixidas ás asociacións veciñais no termo municiapal de Lugo para desenvover programas e actividades de interese xeral e sectorial orientados á difusión e fomento do asociacionismo, o voluntariado e a participación cidadá. Así mesmo, aprobouse o gasto de 22.500 € e a normativa que regula esta convocatoria.

- Así mesmo, acordouse delegar no tenente de alcaldesa delegado da Área de Turismo e Museos a competencia para resolver todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo para aprobar o convenio de colaboración entre a Fundación La Caixa e o Concello de Lugo, relativo á instalación itinerante da exposición “Colores del Mundo” na rúa San Fernando.

- Ademais, acordouse rectificar o acordo 8/398, que se adoptou na sesión da Xunta de Goberno Local do 28 de setembro de 2026, relativo á designación do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dezasete prazas de bombeiro/a condutor/a, no que respecta á titulación dun dos membros do tribunal.

- Acordouse tamén, aprobar a atribución temporal das funcións da xefatura de Sección de Atención Cidadá do Servizo de Participación e Atención Cidadá á funcionaria de carreira Natalia Rodríguez Alvaredo.

- Do mesmo xeito, acordouse aprobar o proxecto básico e de execución de urbanización parcial da rúa Virxe da Soidade. Así mesmo, acordouse aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o expediente 2026/C002/000029 de contratación da obra de urbanización parcial desta rúa, autorizar o gasto por importe de 184.591,05 € e dispoñer a apertura do procedemento aberto, simplificado e de tramitación ordinaria.

- Tamén se acordou aprobar o proxecto de acondicionamento do camiño que comunica o concello de Outeiro de Rei coa N-640 e do que une Portoganoi, Verín e Pacios; o prego de cláusulas administrativas particulares; o expediente 2026/C002/000011 de contratación da obra; autorizar o gasto de 124.318,43 €; e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado e de tramitación ordinaria.

- Acordouse tamén adxudicar o contrato para subministrar electricidade en alta e baixa tensión á empresa Naturgy Clientes Empresas, autorizar o gato de

11.452.763,99 € e habilitar crédito nos anos 2027 e 2028 para asumir os gastos das posibles prórrogas.

- Así mesmo, acordouse aprobar o proxecto de acondicionamento do camiño da Croa (treito que comunica o lugar de Toiriz co lugar de Casas Novas, parroquia de Piúgos), e a mellora dos camiños en Taboelle(Orbazai), aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente 2026/C002/000010 de contratación da obra. Así mesmo, acordouse autorizar o gasto de 67.418,97 € e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado e tramitación ordinaria.

Asinado dixitalmente pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.